



ESCOLAS MUNICIPAIS 2024-2025 CONCELLO DE CASTROVERDE

INFORMACIÓN

NATACIÓN:

Dirixido a nenos e nenas de 3 a 16 anos.

Horario: os venres de 16:30 a 17:15 horas no Centro Deportivo D10 en Outeiro de Rei. Saída do C.P.I de Castrolverde en autocar Her-Vei ás 15:30 horas.

Custo por persoa: 25 €/mes.

No caso de familias numerosas os custos serán os seguintes:

- Polo primeiro fillo/a pagaríase o 100% do custo da actividade
- Polo segundo fillo/a pagaríase o 50 % do custo da actividade
- Polo terceiro fillo en diante será gratuíta a actividade

(Para poder aplicar a bonificación de familia numerosa deberase aportar fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento que así o acredite)

Mínimo 20 alumnos e máximo 40.

Comeza o venres día 4 de outubro e remata a finais do mes de maio.

(será necesario que os nenos máis pequenos vaian acompañados por un adulto para axudar a cambialos dentro das instalacións do centro)

XIMNASIA DE MANTEMENTO:

Dirixido a persoas maiores de 16 anos.

Horario: Os luns e mércores de 21:00 a 22:00 horas e os venres de 20:00 a 21:00 horas no ximnasio do C.P.I de Castrolverde

Custo por persoa: 15 €/ mes.

Mínimo 15 alumnos.

Impartido por Os Ventos.

Comeza o mércores día 2 de outubro e remata a finais do mes de maio.

BAILE LATINO E DE SALÓN:

Dirixido a persoas maiores de 16 anos.

Horario: Os venres de 21:00 a 22:30 horas no ximnasio do C.P.I de Castrolverde

Custo por persoa: 25 €/ mes

Mínimo 16 alumnos.

Impartido pola Escola de Danza Ritmo Lugo.

Comeza o venres día 4 de outubro e remata a finais do mes de maio.

O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O 15 DE SETEMBRO (PARA OS ALUMNOS/AS QUE QUEIRAN COMEZAR NO MES DE OUTUBRO)

Os pagos das anteriores actividades deberán domiciliarse e o Concello encargarse de efectuar o cobro na conta que cada alumno/a nos indique.

No caso de que algún alumno/a se quixera dar de baixa en algunha das actividades anteriores, deberá solicitalo antes de que comece o mes efectivo, de non ser así deberá efectuarse igualmente o pago dese mes.

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011